



# GUÍA, DIDÁCTICA

ESA SEMIPRESENCIAL  
MÓDULO 3

EPAEduardo Pondal. Curso 2024-25



## 1. CONTIDOS E MATERIAL

- Unidades didácticas: 9-10-11-12 (LOMCE). Imprescindible traelas á aula.
- Dispoñibles en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/ea/normativa>
- Páxina do EPAPU "Eduardo Pondal": Educación Secundaria semipresencial.
- Na Biblioteca do centro existen copias en papel e dixitalizadas.

## 2. LIBROS DE LECTURA

- **Galego:** CASAS, Patricia: *Teselas de cidade*
- **Castelán:** GÓMEZ CERDÁ, Alfredo: *El rostro de la sombra*

## 3. AULA VIRTUAL

A docente empregará a aula virtual para facilitar contidos adicionais aos alumnos.

## 4. GUÍA DIDÁCTICA

### 4.1. Desenvolvemento e temporalización por avaliacións

ESA SEMIPRESENCIAL MÓDULO 3				
	1º Cuadrimestre		2º Cuadrimestre	
	Mañá	Tarde	Mañá	Tarde
<b>Sesións</b>	15	15	12	12
<b>Exames da convocatoria ordinaria</b>	27-31 de xaneiro		20- 22 de maio	
<b>Exames da convocatoria extraordinaria</b>	1-3 de abril		18 - 20 de xuño	

<b>ESA SEMIPRESENCIAL MÓDULO 3</b>					
<b>1º CUADRIMESTRE</b>			<b>2º CUADRIMESTRE</b>		
Unidade Didáctica	Sesións (Aprox.)	Data inicio/fin (Aprox.)	Unidade Didáctica	Sesións (Aprox.)	Data inicio/fin (Aprox.)
9	3	Entre a semana do 23/9 e a do 07/10	9	3	Entre a semana do 03/02 e a do 17/02
10	3	Entre a semana do 14/10 e a do 04/11	10	3	Entre a semana do 24/02 e a do 17/03
<b>Exame parcial UD 9 e 10: 11 de novembro</b>			<b>Exame parcial UD 13 e 14: 24 de marzo</b>		
11	3	Entre a semana do 18/11 e a do 09/12	11	3	Entre a semana do 31/03 e a do 21/04
12	3	Entre a semana do 16/12 e a do 13/01	12	3	Entre a semana do 28/04 e a do 05/05
<b>Exame parcial UD 11 e 12: 20 de decembro</b>			<b>Exame parcial UD 15 e 16: 12 de maio</b>		
<b>EXAME ORDINARIA: 27-31 de xaneiro</b>			<b>EXAME ORDINARIA: 20-22 de maio</b>		
<b>EXAME EXTRAORDINARIA: 1-3 de abril</b>			<b>EXAME EXTRAORDINARIA: 18-20 de xuño</b>		

As datas exactas dos exames parciais concretaranse con cada un dos grupos (mañá e tarde) e quedan pendentes de posibles cambios ou modificacións por parte da Xefatura educativa.

O alumnado que teña máis dun 10% de faltas sen xustificar perderá o dereito a avaliación continua polo que deberán presentarse ao exame final da materia. Os exames escritos seguirán a estrutura establecida palas unidades didácticas (galega/ castelán; lingua e literatura).

A media non se fará se algunha das partes ou das probas é inferior a 3. Se a media é igual ou superior a 5 o alumnado quedará exento de presentarse ao exame final do cuadrimestre. De non ser así, o alumnado, agás casos excepcionais, deberá presentarse ao exame ordinario con toda a materia do cuadrimestre, independentemente de que aprobara previamente algún dos parciais.

Esixirase un mínimo de corrección ortográfica e por isa penalizarase a súa ausencia con - **0.1 punto cada falta**. Descontarase tamén se o alumnado non tilda as palabras. Do mesmo xeito, terase en conta a corrección das probas en canto a presentación, a coherencia e a cohesión. Haberá unha proba extraordinaria para os que non superen o Ámbito de Comunicación en febreiro, no mes de marzo; e outra para os que non superen o Ámbito de Comunicación en maio, no mes de xuño.

A **NOTA** do Ámbito de Comunicación farase a partires destes elementos:

- Probas escritas:.....70%
- Lectura (Proba escrita ou traballo de cada materia).....10%
- Traballo continuado do alumno: asistencia regular ás clases, participación e realización de traballos e exercicios tanto na aula coma na casa, actitude responsable cara a materia, outros libros e traballos.....20%.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS POR UNIDADES

### UNIDADE 9: COMUNICACION ORAL

- La exposición oral
- El debate
- Historia da lingua galega
- Sociolingüística do galego

#### Criterios de avaliación:

- B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
- B4.1. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.
- B4.4. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

#### Contidos mínimos:

- B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais expositivos e argumentativos.
- B4.1. A orixe e formación da lingua galega.
- B4.4. Prexuízos lingüísticos.

### UNIDADE 10: GRAMATICA DA LINGUA

- A puntuación e a cohesión textual
- Normas de acentuación
- Morfoloxía. As categorías gramaticais
- Semántica

#### Criterios de avaliación:

- B2.8. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- B3.1. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- B3.3. Analizar e usar correctamente as normas de acentuación.
- B3.5. Reconecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
- B3.6. Reconecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.
- B3.7. Reconecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.
- B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. B3.10. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.

#### Contidos mínimos:

- B2.8. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

- B3.1. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- B3.3. Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica.
- B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellara da comprensión e produción textuais.
- B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.
- B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.
- B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.
- B3.10. Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia.

## UNIDADE 11: COMUNICACIÓN ESCRITA

- Tipos de texto
- Traballos académicos
- Técnicas de estudio
- Técnicas de redacción de textos
- La adecuación, la coherencia y la cohesión.

### Criterios de avaliación:

- B2.1. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- B2.3. Comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos.
- B2.8. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

### Contidos mínimos:

- B2.1. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- B2.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. B2.8. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

## UNIDADE 12: EDUCACIÓN LITERARIA

- Historia da Literatura galega
- Historia de la Literatura castellana
- Guía para el comentario de textos.

### Criterios de avaliación:

- B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e periodos das literaturas galega e castelá desde as súas orixes ata o século XX.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos das literaturas galega e castelá dende a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada periodo.

B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

Contidos mínimos:

B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e periodos das literaturas galega e castelá desde as súas orixes ata o século XX.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas galega e castelá dende a Idade Media ata o século XX.

B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.